

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Conto: Do Noso Señor e San Pedro [ATU-791: Christ and St. Peter in Night-Lodgings]

□ *Cando Noso Señor e San Pedro andaban por'o mundo, foron pedir pousad'a unha casa ond'había unha muller sóla; deitonos os dous n'unha mesma cama, porque non tiña máis; cando foi día, a vella tiña que salir a traballar e mandounos levantar, pero Noso Señor decíall'a San Pedro "deixémonos estar un pouquiño máis'., máis a vella, así que s'enrabechou, colleu un pau y' empezou a mallar en San Pedro qu'estaba de borda; despóis, él, quería se levantar pero o Noso Señor díxolle: "Non, en tal caso, cambiemos de sitio, porque se volve vir a vella, mállate outra vez y' así léva'as tú sempre". Cambiaron de sitio por fin, y' entonces volveu a vella: "¡ay, condenados!, vos inda estades na cama? Pois deixai que denantes deixe co pau o da borda, pero agora lévayas o da parede"; y' empezou a mallar outra vez no San Pedro; de forma que, quen levou pau foi xempre o San Pedro*□.

Fonte

SANTANA, Urbano; Resume xeneral de folk-lore de Sandiás, Revista Nós, xuño-setembro, 1931

[Texto remitido por [Xavier Feixoo](#)

, de Sandiás (Ourense)]